

## Visita do IES Nsa. Sra. dos Ollos Grandes ao proxecto Mardelira a través de Climántica. (29 SE SEPTEMBRO DO 2008)

O escritor senegalés Baba Dioum, a finais do século pasado escribiu: " A fin de contas, somentes conservamos o que amamos. Somentes amamos o que comprendemos. Somentes comprendemos o que nos ensinaron".



Dende Mardelira coas diferentes actividades que realizamos pretendemos ensinar para comprender, e deste xeito amar o medio mariño, para tratar de conservalo.

### ¿Que é Mardelira?

Mardelira é un proxecto que nace na Confraría de Lira cos obxectivos básicos de dar a coñecer o mundo da pesca e o mar á sociedade ademais de dinamizar o entorno social da comunidade pescadora de Lira.

Basicamente, con Mardelira tratamos de dar a coñecer a cultura mariñeira para promover o respecto polo mar:

- Difundindo a cultura da pesca artesanal e os seus valores ó mundo da educación e a sociedade.
- Organizando actividades deseñadas para comunicar os nosos saberes.
- Compartindo con nos unha xornada de pesca.

Con esta iniciativa a Confraría de Pescadores de Lira, quere buscar a dinamización dunha comunidade ata o de agora dedicada en exclusividade á explotación dos recursos mariños e que quere abrir novos horizontes á súa actividade tradicional, botando man do tesouro de sabiduría mariñeira e de riqueza natural e paisaxística que recibiu en herdanza.

## PROGRAMA DE ACTIVIDADES 29 SE SEPTEMBRO DO 2008

- 11:00h. Recepción e comezo da Ruta do Porto, visita a Caseta de Pepe do Cuco e explicación da exposición que alí hai, subasta ficticia na lonxa, recollida dunha nasa no porto.
- 13:30h. tempo de xantar (nun área recreativa ou no salón de actos da cofradía se chovera).
- 15:30 horas Ruta dos naufraxios na Confraría, visualización proxección elementos de seguridade, e explicación de carta mariña. Saída cara a Capela dos Remedios, andando e explicación e localización polo camiño de algún naufraxio na costa carnotana, charla co buzo Xosé Dosil, e visita a capela dos Remedios. Esta actividade pode començar pola capela ods Remedios dependendo da dispoñibilidade do Buzo, a duración é de entorno a dúas horas.
- Se quedara tempo visita ao hórreo de Carnota.

### DESCRIPCIÓN DOS ROTEIROS

#### → Roteiro do Porto

*Os feitos mais destacables na historia desta pequena vila mariñeira quedan gravados no porto e polo tanto na vida dos mariñeiros, nesta ruta tentaremos que o visitante coñeza mais de preto a vida dun porto e dunha comunidade mariñeira.*

#### Obxectivos

- Dar a coñecer a profesión de mariñeiro.
- Mostrar a evolución histórica dun porto de pesca artesanal.
- Introducir no coñecimento das distintas artes de pesca.
- Coñecimento dun dos xeitos de conservación do peixe dun dos xeitos de conservación do peixe imento dun dos xeitos.
- Distinguir os distintos tipos de embarcacións e as súas partes .
- Ensinar as actividades que se realizan nun porto.
- Comprender o funcionamento dunha lonxa.

#### Explicación

Nas instalacións da Confraría de Lira darásevos a benvinda. De seguido, trasladarémonos á caseta de Pepe de Cuco, unha antiga construción mariñeira rehabilitada na actualidade para albergar unha exposición sobre a historia do porto, artes de pesca e marisqueo e embarcacións tradicionais e conta co único encascadoiro que se pode visitar na actualidade en toda a Galicia.

A continuación dirixirémonos ás ruínas dun almacén de salgado onde explicaremos o proceso da salga e a súa importancia. Seguiremos ó longo do paseo, cunha parada na rampla vella para explicar as distintas partes dunha embarcación.

Camiñamos cara a rampla nova, onde falaremos cos mariñeiros e halaremos as nasas que previamente foron largadas. Daremos unha volta polo peirao para identificar as distintas instalacións, e ver in situ as artes de pesca máis utilizadas na actualidade. Por último, explicarase o funcionamento da lonxa e realizaremos unha poxa á maneira tradicional e outra electrónica.

#### → Roteiro dos Naufraxios

*A confraría de Lira está localizada na parte sur da ría de Corcubión. Primeiro punto da Costa da Morte neste tramo de costa abundan baixos e laxes que non son visibles desde a superficie e que fan perigo a navegación, e a súa vez son fonte de vida, xa que neles abundan os peixes.*

*Numerosos naufraxios aconteceron nestas costas, nela morreron tanto expertos mariñeiros como navegantes principiantes, afundíronse pequenas embarcacións pesqueiras e grandes buques militares, pero algúns naufraxios deixan marcas que non se borran, nas familias, nas costas e mesmo no modo de vida dos pobos.*

#### Obxectivos

Ó longo desta ruta iremos camiñando e descubrindo paisaxes, baixos, historias de barcos afundidos e de rescates, mesmo podemos coñecer buzos encargados de desguazar os restos dos pecios, e participes de valentes rescates. Ademais:

- Dar a coñecer os riscos da profesión de mariñeiro.
- Mostrar a distribución de illas, baixos e barras que fan perigosa a Costa da Morte.
- Observar e coñecer as cartas mariñas como medio de orientación.
- Introducir o coñecemento da cultura popular da zona.
- Descubrir a profesión de buzo, case extinguida.
- Concienciar os nenos da importancia da prevención de riscos nos mar.
- Aprender a utilizar o material de salvamento máis elemental.

### **Explicación**

A recepción será nas instalacións da Confraría, e de seguido desprazarémonos á praia de Ardeleiro, lugar do afundimento do Ariete (fío condutor de toda a ruta) e onde o chapapote do Prestige chegou en grandes cantidades. Camiñaremos ao longo desta costa totalmente exposta aos temporais e chea de baixos nos que naufragaron numerosas embarcacións e nos que pescan os mariñeiros de Lira. De camiño aos Remedios pasaremos pola praia de Ximprón e iremos vendo a entrada da ría de Corcubión, onde destacan a punta de Fisterra e o monte Pindo. Localizaremos os lugares de afundimento de varios barcos e continuaremos viaxe cara os Miñarzos, parte antiga dun pobo no que o traballo da terra e o pastoreo tiña a mesma importancia que o traballo no mar. Na capela dos Remedios veremos restos do Ariete e unha réplica en miniatura do mesmo. Chegando ao porto leremos coplas compostas para contar o valente rescate do Ariete, e chegaremos á tenda de Xosé Dosil, para falar cun mergullador que participou naqueles feitos. Para rematar acercarémonos á zona onde estaba a carpa na que comeron miles de voluntarios durante as tarefas de limpeza do chapapote e veremos o funcionamento do material de seguridade obrigatorio nunha embarcación.